



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Lingüística	Código	652G04004	
Titulación	Grao en Logopedia			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalegoPortugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Alvarez Caccamo, Celso Maria	Correo electrónico	celso.alvarez.caccamo@udc.es	
Profesorado	Alvarez Caccamo, Celso María García González, Marcos	Correo electrónico	celso.alvarez.caccamo@udc.es marcos.garcia.gonzalez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Introdución ao estudo da linguaxe, das linguas e da comunicación a meio delas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A3	Coñecer e integrar os fundamentos lingüísticos da Logopedia: Fonética e fonoloxía, morfosintaxe, semántica, pragmática, sociolingüística.
B1	Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.
B2	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Aprender a aprender.
B7	Capacidade de análise e síntese.
B8	Capacidade de observar e de escoitar de forma activa.
B21	Tomar decisións con autonomía e responsabilidade.
B22	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B23	Traballar de forma colaborativa.
B24	Traballar en equipo e, de ser o caso, de forma interdisciplinar.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecer e integrar os fundamentos lingüísticos da Logopedia: Fonética e fonoloxía, morfosintaxe, semántica, pragmática, sociolingüística.	A3	B1 B2 B4	
Capacidade de análise e síntese.		B7	
Traballar autonomamente.		B21 B22	
Capacidade de observar e de escoitar de forma activa.		B8	
Traballar de forma colaborativa e en equipa.		B23 B24	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1

Contidos	
Temas	Subtemas



1. A Lingüística e o seu obxecto.	1.1. Alcance e obxectos da Lingüística. 1.2. Disciplinas e subdisciplinas que inclúe. 1.3. A aplicación da Lingüística a ámbitos sociais.
2. A linguaxe e a comunicación.	2.1. A comunicación, a información e a súa interpretación. 2.2. A orixe da linguaxe. 2.3. Características da linguaxe humana. Comunicación animal e humana. 2.4. Os canais da comunicación oral, visual e táctil. A escrita.
3. Linguaxe, mente e cerebro.	3.1. Relacións entre linguaxe e pensamento. 3.2. Localización da facultade lingüística no cerebro. 3.3. Trastornos da linguaxe. 3.4. Adquisición dunha primeira e dunha segunda lingua.
4. Os sons das linguas.	4.1 A produción do son. 4.2. Clases de sons: vogais e consoantes. 4.3. A transcripción fonética. 4.4. Fonema, fone e alofone. Os sistemas fonolóxicos. 4.5. Os elementos suprasegmentais. 4.6. A sílaba.
5. Da palabra ao discurso.	5.1. As unidades mínimas significativas: os morfemas. 5.2. Morfemas, morfes e alomorfes. Tipos de morfemas. 5.3. A palabra. Formación de palabras nas linguas. 5.4. A morfoloxía das diversas linguas. 5.5. Clases de palabras e categorías gramaticais. 5.6. A oración: simple e composta. 5.7. Os sintagmas (ou frases). 5.8. As relacións sintácticas.
6. O significado.	6.1. Definición do significado: sentido e referencia. 6.2. Fenómenos semánticos. 6.3. Proposición. Predicado e argumentos. 6.4. Significado literal e significado implícito. 6.5. A cooperación na conversa. 6.6. Actos de fala e os seus tipos. 6.7. A cortesía como estratexia verbal. 6.8. A deixis e os seus tipos.
7. A diversidade lingüística.	7.1. Introducción ás familias lingüísticas. 7.2. Lingua padrón e variedades. 7.2. Variación xeográfica: os dialectos. 7.3. Variación social: sociolectos e rexistros. 7.3. As comunidades lingüísticas. 7.4. Contacto de linguas e bilingüismo. 7.5. A planificación lingüística.
8. Aplicacións da Linguística.	8.1. Elaboración de dicionarios e gramáticas. 8.2. O ensino das linguas. 8.3. Tradución e interpretación. 8.4. Lingüística computacional. 8.5. Lingüística clínica.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
-----------------------	---------------------------	---	-------------------------	--------------



Proba obxectiva	A3 B2 B7 C1	3	30	33
Sesión maxistral	A3 B4 B8	22	22	44
Lecturas	A3 B1 B4 B22	0	33	33
Obradoiro	A3 B1 B2 B4 B7 B8 B21 B22 B23 B24 C1	18	18	36
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	Proba escrita final.
Sesión maxistral	Explicación dos conceptos fundamentais e clarificación das dúbidas principais.
Lecturas	Lectura, e, no seu caso, síntese e/ou comentario, de material obrigatorio.
Obradoiro	Diversas metodoloxías e probas nas aulas (exposicións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) e tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, con supervisión do profesorado e resolución de dúbidas específicas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Farase un seguimento nas aulas interactivas das actividades realizadas.
Obradoiro	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A3 B2 B7 C1	Unha proba escrita final, cuxos contidos serán o temario, as lecturas e os outros materiais utilizados nas aulas.	50
Sesión maxistral	A3 B4 B8	Avaliarase a asistencia e participación.	10
Obradoiro	A3 B1 B2 B4 B7 B8 B21 B22 B23 B24 C1	Avaliarase a asistencia e participación activa, e os resultados das diversas prácticas e actividades, que serán presentadas e/ou desenvolvidas nas aulas interactivas.	40

Observacións avaliación



Observacións:

1. PRIMEIRA OPORTUNIDADE (EN XANEIRO):

1.1. O Obradoiro incluí a realización de 1 actividade avaliábel (en principio individual; poderá ofrecerse a opción a facela en parellas a discreción do profesorado), e unha serie de tarefas de seguimento das leituras e outro traballo práctico durante o curso, tanto nas sesións de aulas como fora.

1.2. O alumnado repetidor que non asista ás aulas, e o alumnado que teña unha dispensa académica oficial, recibirá un 50% da súa cualificación pola realización da Proba obxectiva, e outro 50% polo apartado de Obradoiro, incluíndo tanto a Actividade avaliábel canto as outras tarefas do curso.

1.3. O alumnado repetidor que non poda asistir ás aulas, ou que teña dispensa oficial, deberá comunicalo ao profesorado da materia durante as dúas primeiras semanas do curso. De non facelo así, poderá aplicárselle o mesmo reparto porcentual que ao resto do estudiantado (50% + 10% + 40%).

1.4. Para superar a materia na primeira oportunidade, é preciso ter polo menos un 4 en cada un dos apartados Proba obxectiva e Obradoiro.

1.5. Para superar a proba obxectiva (exame final), é necesario un certo equilibrio de notas entre os diversos temas e partes do programa.

Nomeadamente, para aprobar deberá obterse polo menos un 3 en todas as preguntas menos unha. Sen ese equilibrio, a media aritmética, se igual ou superior a 5, non poderá ser considerada, e será substituída por un 4,5 (suspense) indicativo da necesidade de repetir a proba obxectiva inteiramente.

1.6. Para superar o apartado do Obradoiro no seu conxunto, é necesario obter polo menos un 4,5 na Actividade.

1.7. Porén, os profesores poderán flexibilizar en sentido positivo estes requerimentos de notas mínimas con carácter xeral (aplicábel a todo o alumnado) para favorecer unha avaliación máis global do desempeño.

2. SEGUNDA OPORTUNIDADE (EN XUÑO-XULLO):

2.1. Aplícanse os mesmos criterios de notas mínimas para cada apartado.

2.2. Repetirase a Proba obxectiva (exame final) no día oficial (ver datas definitivas na web da Facultade ou no taboleiro oficial). A Proba é indivisíbel; caso de ter que ser repetida, será inteiramente, e voltará a incluír todo o temario da primeira oportunidade.

2.3. Realizarase a Actividade suspensa (poderá ser diferente á realizada en xaneiro, aínda que cun formato semellante ou comparábel), e, no seu caso, as tarefas menores de seguimento do curso, a criterio dos profesores.

2.4. Para a oportunidade de xullo, manteráanse as notas dos apartados superados na primeira oportunidade. No caso das diversas actividades e tarefas, os profesores indicarán se se considera superado o apartado Obradoiro inteiro, ou se hai que repetir algunha actividade non satisfactoria (por exemplo, unha cunha nota de 3).

3. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO.

Recibirán cualificación de Non Presentado (N.P.) só aquelas/es estudantes

que: (a) non se presenten a ningunha das probas obxectivas (xaneiro e xullo) e que,

ademais, (b) non entreguen a actividade avaliábel en ningunha das oportunidades. Isto é, a presentación dalgunha delas nalgunha das oportunidades implica necesariamente dar unha nota.

4. AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES. A copia ou plaxio de material alleo para calquer das actividades avaliábeis ou das tarefas, sen elaboración propia, e por calquer medio, acarreta automaticamente unha nota de cero (0), sen posibilidade de repetición da actividade nesa oportunidade. Durante o curso se poderán establecer procedementos adicionais específicos a cumprir canto á entrega, presentación e avaliación das actividades.

5. AVALIACIÓN DA PROBA OBXECTIVA. A copia de respostas na proba obxectiva a partir de materiais non autorizados, a partir das respostas doutro/a estudante, ou por medio de calquer outro procedemento ilexítimo, acarreta automaticamente unha nota de cero (0) en toda a proba, e a imposibilidade de continuar con ela nesa oportunidade.

6. As condutas irregulares e ilexítimas na realización das actividades, tarefas ou probas (plaxio, copia, falsificación, etc.), alén das consecuencias que podan ter sobre a nota na materia -- dado o carácter patentemente inxusto de querer

autofavorecerse ilicitamente e polo tanto de perxudicar as/os

compañeiras/os -- poden estar suxeitas a penalización disciplinar do/a estudante infractor/a por parte da Universidade, que pode incluír a expulsión da mesma.



Bibliografía básica

- Alonso, Juan Alberto (2000). "A orixe da linguaxe". En: Fernando Ramallo, Gabriel Rei-Doval e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez, eds. Manual de Ciencias da Linguaxe, pp. 63-96. Vigo: Xerais
 - Casado Fresnillo, Celia, e Escandell Vidal, M^a Victoria (2011). "El lenguaje y las lenguas". En: M^a Victoria Escandell Vidal (coord.) e outros. Invitación a la lingüística, pp. 1-52. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces & UNED
 - Crystal, David (1994). "El lenguaje y otros sistemas de comunicación?". En: Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge, pp. 396-403.. Madrid: Taurus
 - Crystal, David (1994). "Gramática?". En: Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge, pp. 88-99.. Madrid. Taurus
 - Escandell Vidal, M^a Victoria (2005). "Algunas reflexiones iniciales?". En: La comunicación, pp. 9-25. Madrid: Gredos
 - Escandell Vidal, M^a Victoria (2005). "Un nuevo modelo de la comunicación". En: La comunicación, pp. 27-42. Madrid: Gredos
 - Escandell Vidal, M^a Victoria, e Marrero Aguiar, Victoria (2011). "La Lingüística y sus fundamentos". En: Escandell Vidal, M^a Victoria (coord.) e outros. Invitación a la lingüística, pp. 53-85. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces & UNED
 - Fromkin, Victoria, e Rodman, Robert (1993). "Da boca dos bebés: aquisição da língua pela criança". Em: Introdução à Linguagem, pp. 351-373. Coimbra: Livraria Almedina
 - González Pereira, Miguel, e Francisco Albertuz Carneiro (2000). "Morfoloxía?". En: Fernando Ramallo et alii (eds.), Manual de Ciencias da Linguaxe, pp. 585-627.. Vigo. Xerais
 - Harari, Yuval Noah (2015). "1. Un animal sin importancia". En: Sapiens. De animales a dioses, pp. 15-32.. Barcelona. Debate
 - Harari, Yuval Noah (2015). "2. El árbol del saber". En: Sapiens. De animales a dioses, pp. 33-54.. Barcelona. Debate
 - Harari, Yuval Noah (2015). "7. Sobrecarga de memoria". En: Sapiens. De animales a dioses, pp. 138-152.. Barcelona. Debate
 - Hurford, James R., e Brendan Heasley (1983). "Oraciones, enunciados y proposiciones? / Referencia y sentido? / Expresiones referenciales? / Predicados?". En: Curso de Semántica, pp. 26-62.. Madrid. Visor
 - Marrero Aguiar, Victoria (2011). "Fonética y Fonología". En: M^a Victoria Escandell Vidal (coord.) e outros. Invitación a la lingüística, pp. 87-126. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces & UNED
 - Mateus, Maria Helena Mira, e Alina Villalva (2006). "Para que serve a Lingüística?". En: O Essencial sobre Lingüística, pp. 79-92.. Lisboa. Caminho
 - Moreno Cabrera, Juan Carlos (2002). "El objeto de investigación I: Características del lenguaje humano?". En: Curso universitario de Lingüística General. Tomo I: Teoría de la gramática y sintaxis general, pp. 39-47.. Madrid. Síntesis
 - Simone, Raffaele (1993). "Propiedades fundamentales del lenguaje / Abstracto? en lingüística?". En: Fundamentos de Lingüística, pp. 18-22.. Barcelona: Ariel
 - Tusón Valls, Jesús (2003). "Los orígenes del lenguaje?". En: Introducción al lenguaje, pp. 15-38.. Barcelona. Ed. UOC
 - Yule, George (2007). "Adquisición de la primera lengua?". Em: El lenguaje, pp. 175-191.. Madrid. Akal
 - Yule, George (2007). "El desarrollo de la escritura?". En: El lenguaje, pp. 29-37.. Madrid. Akal
 - Yule, George (2007). "El lenguaje y el cerebro?". En: El lenguaje, pp. 161-174.. Madrid. Akal
 - Yule, George (2007). "La variación geográfica de las lenguas?". Em: El lenguaje, pp. 238-252.. Madrid. Akal
 - Yule, George (2007). "La variación social de las lenguas?". Em: El lenguaje, pp. 253- 266.. Madrid. Akal
 - Yule, George (2007). "Pragmática?". En: El lenguaje, pp. 132-145. Madrid. Akal
 - Yule, George (2007). "Semántica?". En: El lenguaje, pp. 118-131.. Madrid. Akal
- As leituras obrigatorias serán tomadas da listaxe anterior.(A ordenación non é alfabética, debido a deficiencias técnicas do aplicativo)



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Martín Vide, Carlos (ed.) (1996). Elementos de Lingüística. Barcelona: Octaedro- Martínez Celdrán, Eugenio (1995). Bases para el estudio del lenguaje . Barcelona: Octaedro- Ramallo, Fernando, et alii (2000). Manual de Ciencias da Linguaxe. Vigo: Xerais- Crystal, David (1994). Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge. Madrid: Taurus- Martínez Celdrán, Eugenio, et alii (1998). Lingüística. Teoría y aplicaciones. Barcelona: Masson- Bernárdez, Enrique (2000). ¿Qué son las lenguas? . Madrid: Alianza- Yule, George (2007). El lenguaje. Madrid: Akal- Moreno-Torres Sánchez, Ignacio (2004). Lingüística para logopedas. Málaga: Ediciones Aljibe- Cardona, Giorgio Raimondo (1991). Diccionario de lingüística. Barcelona: Ariel- Comrie, Bernard, S. Matthews e M. Polinsky (eds.) (2001). O Atlas das Línguas: A Orígem e a Evolução das Línguas no Mundo. Lisboa: Editorial Estampa- Walter, Henriette (1996). A aventura das línguas do Ocidente. Lisboa: Terramar <p>
</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Lingüística clínica/652G04042

Sociolingüística/652G04044

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías